

BASES E CONVOCATORIA DOS PREMIOS DA XXXVI EDICIÓN DE FEIRADEZA E XXVI CONCURSO DE GANDO FRISÓN DO CONCELLO DE LALÍN.

PRIMEIRA.- Obxecto

O Concello de Lalín (Pontevedra), en colaboración con Xuncoga e Africor Pontevedra, no seu afán de fomentar os intercambios de experiencias e estimular a mellora da cabana gandeira da Comarca de Deza, aprobou as presentes bases para a concesión de premios da XXXV Edición de Feiradeza e do XXV Concurso de Gando Frisón do Concello de Lalín.

SEGUNDA.- Beneficiarios

Os beneficiarios dos premios serán os gandeiros participantes en Feiradeza, sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dito requisito deberá acreditarse mediante a declaración responsable que figura como anexo ás presentes bases.

Os gandeiros deberán presentar os seus datos persoais: nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono, así como os datos relativos á identificación dos animais de gando frisón que esixe a normativa sanitaria de identificación animal vixente.

Africor Pontevedra, logo da revisión dos animais, dará traslado da identificación dos que se propoñen para concursar ao Xefe de Área dos Servizos Veterinarios da Xunta de Galicia que, despois da cumprimentación dos requisitos sanitarios en vigor, autorizará ou denegará a participación de ditos animais en Feiradeza.

TERCEIRA.- Categorías dos premios:

As persoas interesadas poderán participar nas seguintes categorías:

ANIMAL	SECCIÓN	PREMIOS				
XATAS	1ª XATAS ATA 8 MESES	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
	2ª XATAS DE 8 A 10 MESES	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
	3ª XATAS DE 11 A 13 MESES	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
	4º XATAS DE 14 A 16 MESES	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
XOVENCAS	5º XOVENCA DE 17 A 20 MESES	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
	6ª XOVENCAS DE 21 A 26 MESES	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
	7ª MELLOR CRIADOR DE XOVENCAS					
	8ª XATA CAMPIONA					
	8ª XATA SUBCAMPIONA					
	9ª XOVENCA CAMPIONA					
	10ª XOVENCA GRAN CAMPIONA					
VACAS	11ª VACAS ATA 30 MESES	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
	12ª VACAS DE 31 A 36 MESES	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio

Emprego

13ª VACAS DE 3 ANOS	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
14ª VACAS DE 4 ANOS	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
15ª VACAS DE 5 ANOS	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
16ª VACAS DE 6 ANOS OU MÁIS	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
17º VACAS DE MÁIS DE 65.000L	1º premio	2º premio	3º premio	4º premio	5º premio
11ª MELLORA UBRE					
12ª MELLOR UBRE					
13ª MELLOR UBRE					
14ª MELLOR UBRE					
15ª MELLOR UBRE					
16ª MELLOR UBRE					
17ª MELLOR UBRE					
18º MELLOR CRIADOR					
FEIRADEZA					
18º MELLOR CRIADOR FEIRADEZA					
19º VACA XOVE CAMPIONA					
19º VACA XOVE SUBCAMPIONA					
20º VACA INTERMEDIA CAMPIONA					
20º VACA INTERMEDIA SUBCAMPIONA					
21º VACA ADULTA CAMPIONA					
21º VACA ADULA SUBCAMPIONA					
22º MELLOR DESCENDENCIA DE VACAS					
22º II MELLOR DESCENDENCIA DE VACAS					
23º VACA GRAN CAMPIONA FEIRADEZA					

CUARTA.- Publicidade

As bases estarán a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Lalín e na páxina web www.lalin.gal

As presentes bases reguladoras publicaranse no BOPPO e, con posterioridade, remitiráselle a convocatoria á base de datos nacional de subvencións (BDSN), que será a que lle de traslado ao BOPPO do seu extracto.

QUINTA.- Xurado

O xurado será un Xuíz Nacional ou Xuíz Internacional designado polo Comité de Feiradeza, a proposta de Africor Pontevedra.

SEXTA.- Contía dos premios

Os premios, por importe total de 10.000 €, convócanse con carto ao crédito consignado na aplicación orzamentaria: 0.334.48100

Os premios subdivídense nas seguintes categorías, coa súa correspondente dotación económica:

Emprego

ANIMAL	SECCIÓN	PREMIOS				
XATAS	1ª XATAS ATA 8 MESES	150€	100€	75€	50€	25€
	2ª XATAS DE 8 A 10 MESES	150€	100€	75€	50€	25€
	3ª XATAS DE 11 A 13 MESES	150€	100€	75€	50€	25€
	4ª XATAS DE 14 A 16 MESES	150€	100€	75€	50€	25€
XOVENCAS	5ª XOVENCA DE 17 A 20 MESES	150€	100€	75€	50€	25€
	6ª XOVENCAS DE 21 A 26 MESES	150€	100€	75€	50€	25€
	7ª MELLOR CRIADOR DE XOVENCAS					150€
	8ª XATA CAMPIONA					
	8ª XATA SUBCAMPIONA					
	9ª XOVENCA CAMPIONA					
	10ª XOVENCA GRAN CAMPIONA					
VACAS	11ª VACAS ATA 30 MESES	250€	200€	150€	100€	50€
	12ª VACAS DE 31 A 36 MESES	250€	200€	150€	100€	50€
	13ª VACAS DE 3 ANOS	250€	200€	150€	100€	50€
	14ª VACAS DE 4 ANOS	250€	200€	150€	100€	50€
	15ª VACAS DE 5 ANOS	250€	200€	150€	100€	50€
	16ª VACAS DE 6 ANOS OU MÁIS	250€	200€	150€	100€	50€
	17ª VACAS DE MÁIS DE 65.000L	250€	200€	150€	100€	50€
	11ª MELLORA UBRE					100€
	12ª MELLOR UBRE					100€
	13ª MELLOR UBRE					100€
	14ª MELLOR UBRE					100€
	15ª MELLOR UBRE					100€
	16ª MELLOR UBRE					100€
	17ª MELLOR UBRE					100€
	18ª MELLOR CRIADOR					
	FEIRADEZA					
	18ª MELLOR CRIADOR FEIRADEZA					
	19ª VACA XOVE CAMPIONA					
	19ª VACA XOVE SUBCAMPIONA					
	20ª VACA INTERMEDIA CAMPIONA					
	20ª VACA INTERMEDIA SUBCAMPIONA					
	21ª VACA ADULTA CAMPIONA					
	21ª VACA ADULTA SUBCAMPIONA					
	22ª MELLOR DESCENDENCIA DE VACAS					
	22ª II MELLOR DESCENDENCIA DE VACAS					

Os premios 8º 9º 10ª 18º 19º 20º 21º 22º e 23º non contarán con dotación económica a cargo do Concello de Lalín, podendo ser concedidos e financiados directamente por entidades colaboradoras de Feiradeza, nas contías que estas determinen.

Así mesmo, e co obxecto de promover a existencia nas explotacións gandeiras da zona de animais cunha morfoloxía e xenealoxía o máis desenvolvida posible, e así facer rendible a produción leiteira, sortéase entre o público asistente unha novilla (ou, no seu defecto, a cantidade

de 1.000€) e unha xata (ou, no seu defecto, a cantidade de 500 €.

Antes de proceder ao pagamento, a persoa premiada deberá presentar, no Rexistro do Concello de Lalín, unha declaración de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social e a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), conforme ao anexo publicado na páxina web www.lalin.gal

SÉTIMA.- Criterios de concesión

Obterán os premios aqueles gandeiros e animais que o Xuíz Nacional ou Internacional consideren que son superiores aos outros, dentro de cada sección, e segundo as Normas de Xulgamento dos Animais.

O Xuíz poderá decidir que algunha sección quede deserta, se non hai animais presentados para a mesma, ou ben considere que os animais presentados non cumpren cos mínimos de calidade.

O Xuíz valorará o carácter leiteiro do animal, o estilo e a angulosidade, marcado de sotelar e que a cabeza sexa fina e expresiva. Así mesmo terase en conta o ubre, a grupa, pes e patas.

OITAVA. Identificación dos premiados

A entidade organizadora poderá esixir a identificación da personalidade dos premiados, que, salvo causas de forza maior, suficientemente acreditadas, deberán recoller os premios en persoa.

NOVENA.- Aceptación das bases

O feito de participar no concurso significa a aceptación das presentes bases, cuxa interpretación última corresponde aos membros do xurado.

O Alcalde.

José Crespo Iglesias